CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARÍA

Modificación da Ordenanza reguladora da actividade de furanchos e loureiros. Publicación na sede electrónica.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria de 28.12.2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da actividade de furanchos e loureiros no Concello de Pontevedra.

De conformidade co art. 49 da Lei 7/1985 procédese a información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días hábiles, para que poidan formular reclamacións e suxestións.

A estes efectos publicarase anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios e edictos electrónico municipal.

Así mesmo, e segundo os arts. 133.2 da Lei 39/2015, art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), publícase pola presente anuncio de exposición, acompañado do texto do proxecto, das memorias ou instrumentos xustificativos e os informes emitidos, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións. Isto sen prexuízo da consulta do expediente no seu conxunto, de así instarse.

O prazo de exposición e audiencia estenderase dende o día seguinte á primeira publicación ata a finalización do prazo contado desde a última.

De non presentarse reclamacións en prazo e de acordo co referido art. 49 da Lei 7/1985, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada, entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no BOP e o transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da mesma Lei, segundo dispón o seu art. 70.2. Publicarase, así mesmo, na sé electrónica municipal, de conformidade co art. 7 da Lei 19/2013 (en relación co seu art. 5.4).

Descrición	CSV
001 Providencia inicio 2ª modificacion ordenanza	AUQYE3QKC6OUDQD4
002 informe proposta DXAU aprobación inicial	OA4HL1KQPTX2KM6B
003 INFORME ASESORÍA XURÍDICA 18/11/2020	I58U7RXULA89DJUO
004 Informe proposta def DXAUSX tras informe AX	7IIWCECXNNRIJALM
Certificación XGL 30.11.2020.odt	2QGXG8ZHPPYTFSUU

**Os documentos relacionados na táboa anterior pódense consultar na sede electrónica do concello, introducindo o código seguro de verificación CSV, no seguinte enlace:*

http://sede.pontevedra.gal/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml

Os restantes documentos integrantes do expediente relativos á súa tramitación poderán ser consultados segundo o sinalado nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno deste Concello.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta Secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pontevedra, ao día da sinatura
O Secretario,

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO - 76827016R
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 29/12/2020
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:ZC1YW2ULN3WVJLY6